

Primaria

# Plástica 5

Programación

## Trimestre 3

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos dixitais
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

Terceiro trimestre

### Descrición da unidade

O desenvolvemento desta última unidade trimestral céntrase tanto na consolidación das aprendizaxes adquiridas polo alumno ao longo deste curso coma na adquisición de novas técnicas e contidos, adecuados para este curso de quinto de Primaria.

Todos os contidos adquiridos nos trimestres anteriores se verán reforzados e consolidados neste. Volvemos, de novo, a interesarnos pola perspectiva, polo seu coñecemento, o seu uso e a súa linguaxe para poder realizar un debuxo en perspectiva. Por último, neste último trimestre seguimos presentando diferentes estilos artísticos para contribuír a ampliar o coñecemento cultural do alumno.

Os contidos mínimos esenciais no desenvolvemento desta unidade deben centrarse en:

- O deseño dun logotipo para publicitar o colexio.
- A valoración dos estilos artísticos dentro da expresión cultural da nosa sociedade.
- A dispoñibilidade para a creatividade, a orixinalidade e a expresión espontánea de sentimentos.
- A transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.

### Temporalización

Desde abril ata xuño.

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Afondar na técnica do sombreado a lapis como fundamento do debuxo artístico dentro das Belas Artes.
- Coñecer as características do logotipo e realizar un exemplo.
- Relacionar palabra e imaxe ao realizar a ilustración dun poema.
- Introducir o coñecemento e a práctica do debuxo xeométrico, representando unha parede de azulexos de estilo mudéjar.
- Valorar o patrimonio artístico en diferentes manifestacións, estilos e artistas: dolmen, cadros de Kandinski e de Picasso, e o estilo mudéjar.
- Distinguir entre un bosquejo e un debuxo. Realizar exemplos de bosquejos.
- Realizar unha paisaxe tendo en conta os fundamentos da perspectiva.
- Construír un elemento tridimensional con formas acuñaadas.
- Participar nunha representación teatral, valorando a riqueza plástica da posta en escena, en canto ao vestiario, o decorado e a expresión corporal.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación de cores usando tonalidades de forma intencionada.</li> <li>• Preparación dun documento artístico para a comunicación: un logotipo.</li> <li>• Identificación dunha forma representativa (dolmen) dentro da expresión cultural da nosa sociedade.</li> <li>• Representación das formas abertas e pechadas, con límites e contornos.</li> <li>• Predisposición á orixinalidade, á creatividade e á espontaneidade para plasmar as ideas e sentimentos, de modo persoal e autónomo, na creación dunha obra de arte.</li> <li>• Elaboración dun bosquexo como documento propio da comunicación artística.</li> <li>• Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e transmisión cultural.</li> <li>• Seguimento das normas e instrucións para o manexo e conservación da regra e o compás.</li> <li>• Construción de estruturas e transformación de espazos usando a perspectiva.</li> <li>• Creación dun ambiente</li> </ul>	1. Utilizar as cores coas súas tonalidades usando a linguaxe plástica e visual necesaria.	1.1. Realiza composicións utilizando os claroscuros e as texturas.
	2. Realizar un logotipo individualmente.	2.1. Busca un logotipo e confecciona outro para o seu colexio.
	3. Recoñecer o dolmen como expresión cultural da nosa sociedade.	3.1. Valora o dolmen como unha forma representativa dentro da expresión cultural da nosa sociedade.
	4. Participar con interese nas actividades, coidando e respectando os materiais e os utensilios, e desenvolvendo a creatividade e a orixinalidade no alumno.	4.1. Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas utilizando todos os recursos coñecidos polo alumno.
	5. Identificar o bosquexo como traballo previo á obra de arte.	5.1. Utiliza o bosquexo para a posterior realización dunha obra de arte.
	6. Experimentar coas formas xeométricas básicas utilizando correctamente materiais propios do debuxo, como a regra e o compás.	6.1. Representa formas xeométricas con axuda das ferramentas básicas (regra e compás).
	7. Formular opinións acerca das manifestacións artísticas estudadas.	7.1. Expresa opinións acerca das manifestacións artísticas estudadas.
	8. Manexar e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico e da perspectiva.	8.1. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar unha paisaxe. 8.2. Utiliza a horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. 9.1. Participa e demostra interese na

<p>para a representación teatral.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Asunción de responsabilidade no traballo de grupo.</li> <li>• Indagación sobre as posibilidades plásticas dos materiais de reciclado.</li> <li>• Seguimento progresivo no coñecemento e o uso da técnica das témperas como técnica mixta.</li> </ul>	<p>9. Utilizar a comunicación como medio de transmisión oral a través dunha representación teatral.</p>	<p>representación teatral, colaborando e organizando o traballo.</p>
	<p>10. Mostrar interese polo traballo dun mesmo e o dos seus compañeiros.</p>	<p>10.1. Mostra interese polas tarefas realizadas tanto por el mesmo coma polos seus compañeiros.</p>
	<p>11. Observar o material reciclable como unha posibilidade plástica.</p>	<p>11.1. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos que se deben empregar.</p>
	<p>12. Representar un modelo usando a técnica mixta das témperas e os lapis de cores.</p>	<p>12.1. Debuxa animais combinando e analizando adecuadamente a técnica mixta.</p>

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Realiza composicións utilizando o claroscuro e as texturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de sombreado a lapis: dolmen e taboleiro de xadrez.</li> </ul>
2.1. Busca un logotipo e confecciona outro para o seu colexio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dun logotipo para o centro escolar.</li> </ul>
3.1. Valora o dolmen como unha forma representativa dentro da expresión cultural da nosa sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación e representación dun dolmen prehistórico.</li> </ul>
4.1. Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas utilizando todos os recursos coñecidos polo alumno.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Representación dun cadro abstracto a partir da observación dun cadro de Kandinski.</li> </ul>
5.1. Utiliza o bosquexo para a posterior realización dunha obra de arte.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación do <i>Guernica</i> e dous dos seus bosquexos. Realización de bosquexo e debuxo.</li> </ul>
6.1. Representa formas xeométricas con axuda das ferramentas básicas (regra e compás).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Composición xeométrica simulando unha parede de azulexos de arte mudéjar.</li> </ul>
7.1. Expresa opinións acerca das manifestacións artísticas estudadas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración das obras artísticas utilizadas como modelo. Opinión sobre as versións realizadas.</li> </ul>
8.1. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar unha paisaxe. 8.2. Utiliza a horizontal como un elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dunha paisaxe segundo as leis da perspectiva.</li> <li>• Comprensión dos conceptos propios da perspectiva. Elaboración dun exemplo trazando a liña de horizonte e marcando o punto de fuga.</li> </ul>
9.1. Participa e demostra interese na representación teatral, colaborando e organizando o traballo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretación dun personaxe nunha dramatización colectiva baseada nunha obra de literatura universal.</li> </ul>
10.1. Mostra interese polas tarefas realizadas tanto por el mesmo coma polos seus compañeiros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Opinión e valoración dos traballos propios e alleos.</li> </ul>
11.1. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos que se deben empregar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilización adecuada dos materiais e os espazos como requisito indispensable para proceder á creación plástica.</li> </ul>

12.1. Debuxa animais combinando e analizando adecuadamente a técnica mixta.

- Representación dun tigre e un medio natural mediante a técnica mixta das témperas e os lapis de cor.

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésaa por medio de palabras. Comenta as actividades formuladas en relación cos referentes sociais e culturais. Manexa conceptos propios das artes visuais e exprésase con soltura ao explicar os procedementos específicos da actividade artística. Memoriza e declama un texto para interpretar correctamente un personaxe dunha obra teatral. Extrae o contido simbólico cos valores implícitos no texto baseado nun capítulo de <i>Don Quijote de la Mancha</i> .
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura compresiva das ordes de traballo e dos textos informativos presentes nas actividades. Lectura e interpretación dunha obra teatral.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.	Realiza as actividades tendo en conta a proporción e a situación no espazo compositivo, a organización dos elementos e as leis da perspectiva. Relaciona os coñecementos adquiridos para realizar composicións xeométricas coa regra e o compás e en estruturas modulares.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Manexa as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición nas súas creacións mediante ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e</i>	Mostrar dispoñibilidade	Adquire unha conciencia social e cívica nas actividades

<i>cívicas.</i>	para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	relacionadas coa natureza e o medio, o papel da arquitectura, a función da publicidade e a comprensión e a convivencia entre as persoas a partir do texto da obra teatral.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar a natureza, a ter hábitos saudables, e a compartir ideas creativas.  Extrae os valores fundamentais implícitos nas obras de grandes artistas e na obra teatral representada (baseada nun episodio de <i>Don Quijote de la Mancha</i> ).
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como un medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural.  Aprecia a estética das artes visuais.  Identifica a creación plástica como medio de expresión e enriquecemento cultural.



## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Traballamos a técnica do sombreado.

- Realizamos un dolmen e un taboleiro de xadrez con sombreado a lapis (LA).

**Tarefa 2:** Coñecemos e elaboramos un logotipo.

- Realizamos un logotipo para o noso centro escolar (LA).

**Tarefa 3:** Traballamos a xeometría.

- Observamos un cadro de Kandinski e realizamos unha variante (LA).
- Realizamos unha parede de azulexos estilo mudéxar (LA).

**Tarefa 4:** Traballamos a perspectiva.

- Representamos unha paisaxe de árbores en perspectiva (LA).
- Representamos unha paisaxe do mar (LA).

**Tarefa 5:** Coñecemos o patrimonio artístico e literario.

- Realizamos unha ilustración sobre un poema de García Lorca (LA).
- Realizamos bosquexos, despois de observar e comprender a funcionalidade dalgúns bosquexos do *Guernica* (LA).
- Realizamos actividades sobre un dolmen e sobre un cadro de Kandinski (LA).

**Tarefa 6:** Traballamos técnicas mixtas.

- Coloreamos un tigre no seu medio natural con témperas e lapis de cores (LA).

**Tarefa 7:** Realizamos actividades manipulativas.

- Construimos un obxecto tridimensional con formas recortadas (LA).
- Elaboramos unha colaxe con materiais diversos para crear un cadro dadaísta (LA).

**Tarefa 8:** Interpretamos unha obra teatral, baseada nun episodio de *Don Quijote de la Mancha*.

- Lemos e declamamos o texto (LA).
- Caracterizámonos como personaxes (LA).
- Practicamos a expresión vocal e corporal.
- Participamos na montaxe da escena.
- Apreciamos o teatro como expresión artística.
- Comentamos os valores humanos implícitos na obra.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.

- Observación e comentario sobre a actividade que se vai realizar. Posta en común sobre gustos os e as preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo reflexivo individual ante o desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos: xuntar os alumnos en grupos de tres ou catro nenos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou de grupo.

## 8. RECURSOS DIXITAIS

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

Tamén a consulta de páxinas web da proposta didáctica, así como as actividades suxeridas de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación da unidade (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana... (no anexo de avaliación).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

- Que cambiaría no desenvolvimento da unidade o próximo curso? Por que?